<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. 	100% Coñece a lo menos dous inconvenientes e dúas vantaxes das PEME, así com o cal é a súa importancia no tecido empresarial español e galego.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental. 	100% Coñece as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional e en qué consiste a responsabilidade social e medio ambiental	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global 	50% Coñece cales son as principais innovacións propiciadas polas novas tecnoloxías e é quen de poñer algún exemplo ao respecto e relacióno coa capacidade para competir de xeito global	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ BLOQUE 3. ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESA 					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. 	100% Coñece qué é a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica e é quen de poñer algún exemplo aclaratorio.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa 	100% É capaz de describir a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa para un exemplo concreto.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CMCCT

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2018-2019**

<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións. 	<p>100% Coñece as áreas de actividade da empresa e as súas principais función, así como as súas interrelacións.</p>	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<p>Estandares de aprendizaxe avaliáveis</p>	<p align="center">Grado mínimo</p>	<p align="center">Procedementos e instrumentos de Avaliación</p>			<p align="center">Competen-cias crave</p>
		<p align="center">PE</p>	<p align="center">PA</p>		
		<p align="center">Proba escrita u oral</p>	<p align="center">Revisión tarefas</p>	<p align="center">Traballo individual o cooperativo</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. 	<p>50%É capaz de identificar nunha empresa coñecida os elementos máis salientables da súa organización, identifica vantaxes e inconvenientes.</p>	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. 	<p>50%Identifica os elementos e principios organizativos dunha empresa.</p>	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. 	<p>100%Coñece algún dos medios de xestión dos recursos humanos e a súa relación coa motivación e a produtividade.</p>	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2018-2019**

Estandares de aprendizaxe avaliáveis	Grado mínimo	Procedementos e instrumentos de Avaliación			Competencias crave
		PE	PA		
		Proba escrita u oral	Revisión tarefas	Traballo individual o cooperativo	
BLOQUE 4. A FUNCIÓN PRODUTIVA					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. 	100%Calcula a produtividade dos distintos factores de produción e interpreta os resultados.Coñece medios de mellora da produtividade na empresa.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. 	100%Coñece a relación entre os salarios e a produtividade.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. 	100%Analiza a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CAA

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2018-2019**

Estandares de aprendizaxe avaliables	Grado mínimo	Procedementos e instrumentos de Avaliación			Competencias craves
		PE	PA		
		Proba escrita u oral	Revisión tarefas	Traballo individual o cooperativo	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. 	100%Distingue ingreso de custo e sabe calcular o beneficio (ou perda) a partir dos datos facilitados e interpreta os resultados.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. 	100% Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. 	100%Calcula o limiar de rendibilidade e debe saber representar.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións. 	100%Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. 	100%Coñece os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2018-2019**

<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. 	100%Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos(FIFO, PMP..)	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. 	100%É quen de valorar a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
Estandares de aprendizaxe avaliáveis	Grado mínimo	Procedementos e instrumentos de Avaliación			Competencias craves
		PE	PA		
		Proba escrita u oral	Revisión tarefas	Traballo individual o cooperativo	
BLOQUE 5. A FUNCIÓN COMERCIAL DA EMPRESA					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. 	100%Dado un mercado saber identificar o seu tipo, en función de diferentes variables.	X		X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. 	100%Coñecer as di ferentes estratexias de márketing e os enfoques de marketing.	X		X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. 	50%Explicar en qué consisten as valoracións de carácter social. ético e ambiental nunha estratexia de márketing.	X		X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2018-2019**

<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. 	100%Coñecer e enumerar as fases da investigación de mercados.	X		X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
Estandares de aprendizaxe avaliabes	Grado mínimo	Procedementos e instrumentos de Avaliación			Competencias craves
		PE	PA		
		Proba escrita u oral	Revisión tarefas	Traballo individual o cooperativo	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. 	100%Coñecer en qué consiste a segmentación de mercados e cales son as principais variables de segmentación.	X		X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. 	50%Identificar algunha oportunidade de márketing xurdida co desenvolvemento das tecnoloxías da información e comunicación.	X		X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa. 	100%Coñece a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa	X		X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.	50%Sinla as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.	X		X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2018-2019**

Estandares de aprendizaxe avaliados	Grado mínimo	Procedementos e instrumentos de Avaliación			Competencias craves
		PE	PA		
		Proba escrita u oral	Revisión tarefas	Traballo individual o cooperativo	
BLOQUE 6 A INFORMACIÓN NA EMPRESA					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. 	100% Coñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. 	100% Clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. 	100% Explica a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no aparcamento da empresa, mediante a utilización de rateos. 	100% Utiliza e calcula os ratios e interpreta os resultados, detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no aparcamento da empresa.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2018-2019**

Estandares de aprendizaxe avaliáveis	Grado mínimo	Procedementos e instrumentos de Avaliación			Competencias craves
		PE	PA		
		Proba escrita u oral	Revisión tarefas	Traballo individual o cooperativo	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros. 	100% Detecta os desaxustes patrimoniais e financeiros, e propón as medidas correctoras	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. 	100% Valora axeitadamente a importancia de ter ben feitos os cálculos de cara á toma de decisións.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. 	100% Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións.	100% Valora a importancia da información na toma de decisión.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2018-2019**

Estandares de aprendizaxe avaliáveis	Grado mínimo	Procedementos e instrumentos de Avaliación			Competencias craves
		PE	PA		
		Proba escrita u oral	Revisión tarefas	Traballo individual o cooperativo	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables 	100%Resolve e calcula a Conta de PyG	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa. 	100%Na conta de PyG identifica e calcula axeitadamente os diferentes resultados parciais.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan. 	100%Coñece as obrigas fiscais do empresario segundo se trate de empresario individual ou social.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles. 	100% Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas. 	100% Coñece a importancia que a recadación por impostos supón respecto da recadación total do estado.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2018-2019**

Estandares de aprendizaxe avaliáveis	Grado mínimo	Procedementos e instrumentos de Avaliación			Competencias craves
		PE	PA		
		Proba escrita u oral	Revisión tarefas	Traballo individual o cooperativo	
BLOQUE 7. A FUNCIÓN FINANCIERA					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos. 	100%Enumera e describe os diferentes métodos de selección de inversión, diferenciando os estáticos dos dinámicos.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa. 	100%Resolve casos prácticos de análise de inversión polos métodos propostos.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa. 	100%Diferencia entre o financiamento interno e externo e entre o de curto e longo prazo.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. 	100%Enumerar as diferentes posibilidades de financiamento externo.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2018-2019**

Estandares de aprendizaxe avaliáveis	Grado mínimo	Procedementos e instrumentos de Avaliación			Competencias craves
		PE	PA		
		Proba escrita u oral	Revisión tarefas	Traballo individual o cooperativo	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro. 	50%Comenta as posibilidades de acceso ó mercado financeiro para os diferentes tipos de empresas.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa. 	100%Enumerar as fontes de financiamento externo e interno e describeas someramente.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira. 	50%.Coñece diferentes opción de financiación tanto interna como externa aplicables a un caso práctico.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos. 	100%Resolve problemas do VAN e do Prazo de recuperación.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases. 	100%Enumera y describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.	X	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSIEE
EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.	100%Calcula o PMM da empresa, a partir de datos propostos, e distingue e explica e distingue as súas fases.	X	X		

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2018-2019**

Os estándares de aprendizaxe básicos desta materia son os que figuran na táboa cun grao mínimo de consecución do 100%, tendo carácter de imprescindibles para a adquisición do nivel competencial que a materia ten atribuído. Devanditos estándares serán avaliados seguindo os procedementos correspondentes aos mesmos, sinalados na táboa, cos respectivos instrumentos de avaliación.

Os restantes estándares de aprendizaxe atribúselles un grao de consecución do 50%, como os anteriores serán avaliados cos procedementos e instrumentos correspondentes, o procedemento utilizado nestes estándares fundamental é a produción dos alumnos.

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2018-2019**

c. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para a avaliación dos estándares de aprendizaxe compre a utilización de procedementos e instrumentos de avaliación diversos . Nos procedementos de avaliación recollemos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo. Os instrumentos de avaliación constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes. No curso 2º de Bacharelato, na materia de Economía da Empresa utilizaráanse os seguintes:

Procedimientos	Instrumentos
Análise de produción dos alumnos (PA)	-Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase, e fora da clase recollidas na libreta de clase. -Realización de traballos individuais ou en grupo
Pruebas específicas	-Probas escritas de diferentes tipos. -Probas orais

Análise da produción dos alumnos:

- Revisión de tarefas:

Realización e corrección dos exercicios e as técnicas de traballo desenvolvidas, a información quedará reflexada na libreta do profesor/a . Valoración a través escala de observación..

- Traballos:

Presentación escrita de tarefas específicas: traballos individuais o corporativos nos que se terán en conta a expresión escrita, a capacidade de razoamento e a presentación, o seu axuste ás normas establecidas para a elaboración de cada traballo, e a súa creatividade, etc. Valoraranse de 0 a 10.

Probas específicas

Escritas: realización dun (bacharelato diurno) ou varios exames (bacharelato de nocturno) por avaliación. Dita proba escrita se dividirá en dúas partes: unha teórica e outra práctica.

A proba ou probas teóricas consistirán nunha serie de cuestións axeitadas aos estándares de aprendizaxe sinalados no apartado 4.3 punto b) da programación. En cada proba avaliarase a expresión, presentación, capacidade de síntese e a adecuación das respostas á pregunta. A proba será valorada de 0 a 10..

A proba da parte práctica constará de 4 a 8 exercicios numéricos, axeitados aos estándares de aprendizaxe. Ao longo das distintas avaliacións repitiranse exercicios de outras avaliacións, debido ao carácter acumulativo dos coñecementos da parte práctica desta materia. Valoración de 0 a 10.

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA CURSO 2018-2019

En cada proba específica indícase ao alumnado a valoración correspondente a cada pregunta

O profesor/a terá a disposición dos alumnos os criterios de corrección correspondentes a cada instrumento de avaliación.

A proba específica, no momento en que o profesorado sexa informado do novo tipo de exame que realizará o alumnado ao finalizar o curso, poderase cambiar o modelo de proba seguindo os novos criterios.,

4.4. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren este nivel de desenvolvemento. Favorecerase o traballo individual e o cooperativo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, a capacidade do alumnado de aprender en por si, así como a transferencia e a aplicación do aprendido nunha diversidade de contextos.

- As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria polo seu carácter imprescindible na educación como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.
- Proceso de aprendizaxe esixirá a procura de información, a análise da información facilitada polo profesor ou buscada polo alumno, así como a capacidade de sintetizar a mesma e transmitila con corrección.
- Fomentase o autoaprendizaxe. Os alumnos deben ser capaces de aprender a aprender e de pensar de maneira crítica. As metodoloxías deberán ser eminentemente activas e participativas e deberán favorecer o desenvolvemento da capacidade do alumno para aprender en por si e traballar en equipo (aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe baseada en problemas, etc.).
- A materia é en si mesma instrumental. Darase prioridade á comprensión dos contidos -memoria comprensiva- e á súa funcionalidade, de modo que poidan relacionalos coa súa contorna real

A adopción das competencias craves como finalidades formativas da etapa leva a un modelo de aprendizaxe activo.

Polo tanto sendo conscientes de que os alumnos que forman o grupo de clase, xeralmente, ten diferentes motivacións, capacidades, ambiente social, etc, unido ao feito de que como docentes temos como meta a formación integral do alumno, formándoo en todas as súas capacidades, non soamente as cognitivas supón para o profesor/profesora a necesidade de atender esas diferenzas, por iso utilizaranse ao longo do curso diversos modelos metodolóxicos:

- Modelo expositivo: presentando o tema estruturado lóxicamente para transmitir os coñecementos ao alumno e permitir que o alumno comprenda e sistematice os coñecementos especificativos da unidade didáctica
- Colaborativo: fomentando a participación dos alumnos durante a presentación do tema, na maior medida posible
- Análise de casos ou exercicios prácticos co obxectivo de fixar os conceptos e interpretar noticias económicas (uso fundamental de

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA CURSO 2018-2019

periódicos, Internet, aula virtual) Os alumnos realizarán exercicios na aula e tamén na casa. Realizaranse ademais debates, tarefas diversas.

- Profesor/profesora propoñerá ao longo das distintas avaliacións diversos traballos que versarán sobre os diversas materias dadas, sobre as actividades económicas galegas; sobre a evolución da crise económica e a súa incidencia especialmente en Galicia, se ben os temas poderán variar en función da realidade económica que se impoña ao longo do curso. Os traballos, xa sexan individuais ou corporativos, deberán expoñerse polos alumnos na aula. Promoveranse actividades próximas aos intereses dos alumnos, realización dunha choiva de ideas para fomentar a participación, a creatividade e o traballo en equipo, faranse debates en grupos e individuais.

Estas metodoloxías favorecerán o traballo individual unhas veces e outras o traballo en grupo, traballo corporativo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, así como o uso de técnicas e hábitos de investigación. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa

Sendo fundamental para os alumnos o uso das tecnoloxías da información e comunicación para búsqueda de información, así como o uso do periódico.

Empregaremos a aula virtual: para facer exercicios, poñer vídeos, apuntamentos, etc.

4.5. Materias e recursos didácticos.

O Departamento de Economía non fixou ningún libro como oficial de fronte ao curso 2017-18, aínda que utilizará como libro guía:

- Libros

- Alberto Pérez César, Economía da empresa 2º bachillerato. Editorial Galinova Editorial, S.L.

Aínda que tamén se utilizarán os seguintes textos, complementariamente:

- José Alfaro, Clara González, Montserrat Pina. Economía da empresa. 2º Bachillerato. Editorial Mc Graw Hill.

- Andrés Carreira, Enrique Lluch. Economía da empresa. 2º Bachillerato. Editorial S.M.

- Rafael Prieto-Puga Fariña. Economía da empresa. 2º Bachillerato. Editorial Baía

- R. Pascual, R. Burgaleta, M.ª A. Barrio. Economía da empresa. 2º Bachillerato. Editorial Ecir.

- Vicente do Val, J. Luís Gómez de Agüero. Economía da empresa. 2º Bachillerato. Editorial Mc. Graw Hill.

- Economía da empresa. 2º Bachillerato. Editorial Editex

- Concepción Delgado, Economía da Empresa. 2º Bachillerato. Editorial Palomero-Delgado.

- Igualmente o profesor proporcionará aos alumnos apuntes confeccionados por él, das distintas unidades impartidas, que se colgarán na aula virtual do instituto con finalidade aclaratoria ou co fin de ampliar os contidos; así como diversos exercicios (especialmente en materia de estrutura e análise económica-financieiro da empresa) para unha maior comprensión da materia.

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA CURSO 2018-2019

- Utilizarse como material didáctico noticias de xornais, revistas relacionados coa materia explicada en clase, debendo facer os alumnos comentarios sobre os mesmos, co cal será moi importante a participación do alumnado no desenvolvemento da clase.
- Utilización das TIC, busca de información,
- Uso aula virtual
- Páxina Web.:

www.ipyme.org
www.eugo.es
www.ventanillaempresarial.e
www.igape.es
www.agenciatributaria.es
www.consumo-inc.es
www.oepm.es
www.rmc.e
www.cnmc.e
www.seg-social.es
www.sepe.es
www.circe.es

4.6. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Convocatoria ordinaria

A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso. Para aprobar a asignatura necesítase obter avaliación positiva (cinco ou superior sobre 10) en cada unha das tres partes.

A nota final da Convocatoria Ordinaria será resultado da media das tres avaliacións do curso, sempre e cando resulten aprobadas, redondeando cara o enteiro superior a partir de 0,5 e situándose no enteiro natural cando á décima se sitúe por baixo de 0,5.

A nota de cada avaliación será de aplicar a cualificación correspondente a cada estándar de aprendizaxe, a través dos distintos instrumentos asignados a cada un dos procedementos utilizados para a devandita avaliación. Devanditos estándares así como os procedementos e instrumentos utilizados para avalialos aparecen reflectidos no apartado 4.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.

A nota de cada avaliación estará formada, nun 85% pola cualificación mediante as probas específicas e nun 15% pola produción dos alumnos.

A nota de cada Avaliación en Economía da Empresa obterase sumando a nota obtida polo alumno en cada un dos seguintes apartados:

Pruebas específicas

Da media aritmética da nota obtida na parte teórica e da obtida na parte práctica, en que se divide a materia. A media aritmética resultante deberá ser un 5 sobre 10. A nota de unha das partes no poderá ser inferior a 4.

Producción dos alumnos.

Traballo en clase, realización dos exercicios para facer na clase, na casa, traballos individuais ou en grupo, etc

En cada avaliación a materia quedará superada ou aprobada se o alumno obtén unha cualificación de **5 ou superior** sobre 10

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA CURSO 2018-2019

Non se permitirán medios fraudulentos (chuletas, teléfono mobil, auriculares e en calquera outro tipo de soporte) nos exames, exercicios, traballos e probas. No caso de coñecer tales feitos actuarase conforme ao disposto NOF.

Proba específica:

No bacharelato de diúrno farase unha proba escrita cada trimestre dos diferentes estándares reflectidos no apartado 4.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable, a proba dividirase en dúas partes: unha teórica e outra práctica, que abarcará todos os contidos da materia impartida durante ese trimestre. Farase tamén controis cada certo tempo coa parte da materia dada ata ese momento, a metade de cada avaliación, mais o menos, co fin de ver o seguimento da materia por parte dos alumnos, e tamén coa finalidade de que os alumnos teñan un maior control sobre a materia ao longo do tempo. Non farase media cos devanditos controis, só teñen a finalidade dita anteriormente (axudar o alumno a superar cada avaliación).

No bacharelato de nocturno, por reunir o alumnado unhas características distintas ao de diúrno, o profesor en cada avaliación fará distintos exames, que igualmente constarán de dúas partes: unha teórica e outra práctica e coa nota obtida en cada un deles fará media a fin de obter a nota de cada avaliación.

Tanto no bacharelato de diúrno coma no de nocturno, en canto á parte práctica, os exercicios numéricos (punto morto, modelo de Wilson, VAN, confección de Balances, produtividade, etc), igualmente, repetiranse ao longo das distintas avaliacións, debido ao carácter acumulativo dos coñecementos da parte práctica desta materia..

Recuperacións e nota final

En cada avaliación farase a recuperación pertinente, onde entrará a materia dada en cada avaliación, para dar por superada esta o alumno terá que obter una cualificación igual o superior a 5 puntos sobre 10.

Os alumnos que non aproben unha avaliación ou trimestre terán que realizar as probas de recuperación que o profesor estableza:

- Proba específica.:

- En cada avaliación da parte teórica faranse a ou as recuperacións pertinentes (segundo sexa o bacharelato de diúrno ou nocturno), de acordo coa valoración sinalada no apartado 4.3 relativo a probas específicas. Para dar por superada esta o alumno terá que obter como mínimo un 5 sobre 10 na parte teórica correspondente a cada avaliación;

- Respecto á parte práctica dado o carácter acumulativo dos coñecementos, non se fará recuperación de cada avaliación o alumno terá a oportunidade de superar a devandita parte no exame final de maio.

- Producción dos alumnos

Revisión de tarefas:

- Na parte correspondente a realización de exercicios na clase e na casa o alumno recuperará presentando a libreta con todo o feito na avaliación, na data sinalada. Valoración a través escala de observación..

Traballos

-Facendo o traballo o traballos que sinale o profesor. Valoración de 0 a 10. .

A **nota final** en Economía da Empresa obterase **sumando a nota obtida polo alumno en cada un dos seguintes apartados(Producción específica y producción alumnos):**

Producción específica

Farase a media aritmética:

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA CURSO 2018-2019

- Da nota da parte práctica: que será a nota do exame final que farase en maio, dado o carácter acumulativo dos coñecementos da parte práctica.
- E da nota resultante da media aritmética das notas obtidas na parte teórica nas avaliacións ou no seu caso nas recuperacións de cada avaliación.

A media resultante deberá ser un 5 ou superior sobre 10. Para calcular a devandita media a nota de una das partes non poderá ser inferior a 4.

Producción alumnos

Farase a media aritmética correspondente a nota obtida na produción de alumnos en cada avaliación ou no seu caso nas recuperacións.

A nota final en Economía da Empresa deberá ser un 5 ou superior sobre 10, para dar por probada a materia.

Convocatoria Extraordinario

O alumno que en xuño non supere os estándares básicos, terá que superar unha proba escrita, dividida en dúas partes: unha parte teórica e unha parte práctica no mes de **setembro** que versará sobre todos os contidos impartidos ao longo do curso. A materia quedará superada ou aprobada se o alumno obtén unha cualificación de **5 ou superior sobre 10**, que será o resultado da **media aritmética da nota obtida na parte teórica e na parte práctica**, en que se divide a materia. Para **calcular a devandita media a nota de una das partes non poderá ser inferior a 4. Nese caso a nota final será a menor nota da obtida na parte teórica ou na parte práctica**

Aspectos a ter en conta na ensinanza de adultos

Como xa sinalamos anteriormente esta materia impartese tamen na ensinanza de adultos. Os contidos obxetivos, estándares de aprendizaxe son os mesmos que para ensinanza ordinaria. Se ben, tendo en conta as características especiais deste tipo de alumnado: nalgúns casos compatibilizar estudio con traballo, noutros retomar estudos tras estar apartados da escolarización varios cursos; e convinte facer algunhas adaptacións noutros aspectos.

Principalmente nos aspectos de avaliación, se ben non se lles reduce a materia, tratarase de facer exames con maior frecuencia e menor contido en cada un deles para tratar de facilitarlle o estudio. Deste xeito faranse como mínimo dous exames por trimestre, podendo facerse incluso tres ou máis, ademais de outras probas orais e escritas, según considere el profesor/a. En todo o demais é igual que na ensinanza ordinaria

4.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Como establece o decreto 86/2015, do 25 de xuño do currículo de Galicia nos artigos 21.3 (ESO) e 33.4 (BAC) o profesorado avaliará súa propia práctica docente, establecendo **indicadores de logro** nas programacións didácticas. O Departamento de Economía estableceu os seguintes indicadores de logro.

A valoración de cada unha das cuestións suscitadas realízase nunha escala de 1 a 4, marcando con X a casilla correspondente, tendo en conta que:

1. Significa: moi mal, moi pouco, xuízo moi negativo
2. Significa: regular, pouco, xuízo máis ben negativo

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2018-2019**

3. Significa: suficiente, contento, xuízo máis ben positivo

4. Significa: moi ben, moi contento, xuízo moi positivo

I. SOBRE ASPECTOS XERAIS		1	2	3	4
Valora a influencia que han ter na túa práctica docente os seguintes aspectos					
1	O número de alumnos dos grupos aos que deches clase				
2	A heteroxeneidade do alumnado				
3	O interese do alumnado pola materia				
4	A cantidade de actividades extraescolares feitas polos grupos aos que se lles deu clase				
5	O comportamento dos grupos aos que se lle deu clase				
6	O plan de Atención á Diversidade do Centro				
7	A hora de desenvolver as clases, tiven en conta as características dos alumnos				
8	No desenvolvemento das clases, impliquei aos alumnos				
9	Levei a termo a programación prefixada				
10	Informei a cada grupo de alumnos dos elementos esenciais da programación da materia				
11	Perdín tempo nas clases por falta de previsión ou planificación por miña parte				

II. SOBRE RELACIÓNS PROFESOR-ALUMNOS		1	2	3	4
12	Fun respetuosa e dialogante con todos e cada un de meus alumnos				
13	Tiven en conta os seus intereses e as súas necesidades				
14	Promovin entre eles boas relacións de traballo				
15	Propicie o traballo en grupo na clase				
16	Preocupei-me de “formar” e non só de “informar”				
17	Preocupei-me por su crecemento intelectual, humán, afectivo i ético				
18	Fomentei entre meus alumnos a capacidade de análise e síntese				
19	Promovin entre os meus alumnos a participación e colaboración				
20	Promovin entre os meus alumnos a crítica constructiva e reflexiva				
21	Fomentei entre os meus alumnos o razonamento lóxico				
22	Fomentei entre os meus alumnos a comunicación oral e escrita				
23	Promovin entre os meus alumnos a educación en valores				

Intentei entre os meus alumnos promover:

		1	2	3	4
24	Actitude de autenticidade, honradez				
25	Actitude de participación				
26	Disciplina, responsabilidade				
27	Sinceridade				
28	Tolerancia, respecto hacia os demais e á natureza, solidaridade				
29	Capacidade crítica				
30	Compañerismo				
31	Traballo en equipo				
32	Gusto polo traballo ben feito				

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
CURSO 2018-2019**

III. SOBRE ASPECTOS FORMATIVOS		1	2	3	4
33	Estou o corrente dos últimos avances científicos en relación coas materias que imparto				
34	Levo a cabo con asiduidade actividades de formación				
35	Preocupéime por coñecer a realidade nacional e internacional que poida repercutir nas miñas materias				
36	Preocupéime por la innovación educativa				

IV. SOBRE ASPECTOS METODOLÓXICOS		1	2	3	4
38	Preparei as clases con tempo suficiente				
39	Utilizei a metoloxía posta na programación				
40	Facilitei os meus alumnos que “aprendan a aprender”				
41	Utilicei diferentes metodoloxías, según a materia, o momento e as necesidades de todos os meus alumnos”				
42	Axudei ós meus alumnos a facer resúmenes i esquemas dos temas da materia				
43	Introducin cambios metodolóxicos en función dos resultados obtidos polos alumnos				

V. SOBRE A UTILIZACIÓN DE MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS		1	2	3	4
44	Aportei as clases materias complementarios e actualizados				
45	Utilicei materiais variados na clase: artigos de prensa, revistas, cómics, vídeos, etc				
46	Utilicei habitualmente as tecnoloxías da información e da comunicación(TIC) nas miñas clases				

VI. SOBRE MIÑA ACTIVIDADE AVALIADORA		1	2	3	4
47	Din a coñecer ós meus alumnos os criterios de avaliación ó inicio do curso				
48	Informei a meus alumnos, ao inicio do curso, sobre a forma de levar a término o proceso avaliador				
49	Realicei a avaliación da acordo a ditos criterios.				
50	Para poñer a cualificación tiven en conta os criterios de cualificación fixados na programación				
51	Os procedementos e instrumentos de avaliación que utilicei foron axeitados ao alumnado a quen van dirixidos.				
52	Informei a meus alumnos dos resultados da avaliación				
53	Estou ó corrente das derradeiras normativas sobre avaliación				
54	Eu autoavaliome con frecuencia aínda que non me lo exixan				
55	Procurei que as sesións de avaliación non foran “un canto de notas”				

4.8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA CURSO 2018-2019

No ano académico 2018/19, o alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato que teña algunha materia pendente de primeiro (non hai ningún alumno coa materia de Economía pendente de 1º de bacharelato), ou con materias do primeiro curso por cambio de modalidade ou por cursar materias en segundo con carácter progresivo que implican a matrícula na correspondente materia de primeiro, será avaliado destas de acordo co disposto no Decreto 86/2015, do 25 de xuño

Avaliación ordinaria

Os alumnos de 2º de bacharelato coa materia de Economía pendente realizarán á ao longo do curso dous exames nas datas sinaladas pola xefatura de estudos. Se lles facilitarán exercicios e recomendacións para a preparación do exame. Ditos exercicios non terán influencia na nota final.

A materia será distribuída en dous partes:

-1º exame: abarca os seguintes bloques contidos no decreto 86/2015 de 25 xuño:

- Bloque 1 Economía e escaseza. A organización económica
- Bloque 2 Actividade produtiva
- Bloque 3 O mercado e o sistema de prezos

-2º exame: abarca os seguintes bloques :

- Bloque 4 A macroeconomía
- Bloque 5 Aspectos financeiros da Economía
- Bloque 6 O contexto internacional da Economía

En cada proba avaliarase a expresión, presentación, capacidade de síntese e a adecuación das respostas á pregunta. Cada proba será valorada de 0 a 10.

Haberá un exame final que só o terán que realizar os alumnos que non consigan recuperar a materia nos exames parciais, e repetirán só a parte (ou partes) aínda non superadas.

Pode aprobarse a materia por parciais si se dan as seguintes circunstancias:

- Aprobando ambos parciais (é dicir, obtendo un 5 como mínimo sobre 10 en cada un deles)
- Obtendo unha cualificación non inferior a 5 na media aritmética das cualificacións dos parciais, sempre e cando non existan nestas cualificacións notas inferiores a 4.

Na avaliación extraordinaria (setembro) realizarase un único exame no que entrará toda a materia (Bloques do 1 ao 6)

4.9. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.

Non é de aplicación

4.10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Farase unha proba obxectiva a inicio de curso para avaliar os coñecementos previos da materia por parte dos alumnos. En 2º DE BACHARELATO de Ciencias Sociais, podemos ter alumnos que teñan cursado a materia de Economía en 1º de BACH como outros que non a teñan cursado, polo que será interesante saber o nivel de cada estudante de cara a adaptar o tipo de clases que se impartan aos devanditos alumnos ao empezar o curso o profesor/a pasarlles aos alumnos un cuestionario para ver o seu nivel de coñecementos do curso de 1º de bacharelato, e á vez serviranos para repasar e introducirnos na materia de 2 de bacharelato. Dito cuestionario figura no Anexo I

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA CURSO 2018-2019

4.11. Atención á diversidade.

Sendo conscientes de que os alumnos que forman o grupo clase son distintos nas súas motivacións, capacidades, ambiente social, etc., unido ao feito de que como docentes temos como meta a formación integral do alumno, formándoo en todas as súas capacidades, non soamente nas cognitivas, o profesor/a deberá atender esas diferenzas. Por iso, seguiranse as seguintes pautas:

- Emprego de metodoloxías didácticas diversas, como recurso que se pode introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia dos distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos.
- Proposta de actividades diferenciadas e variadas, que se adaptarán ás motivacións, intereses e necesidades que presenten os alumnos. Tratándose de alumnos que manifesten algunha dificultade para traballar determinados contidos, axustaranse o grao de complexidade da actividade e os requerimentos da tarefa, ás súas posibilidades, ademais de ter plantexadas actividades de reforzo para estas situacións.
- Materiais didácticos diversos. O emprego de materiais curriculares e recursos didácticos variados permitirá unha mellor adaptación aos diferentes tipos de capacidades, intereses e motivacións dos alumnos. Tamén se poderán secuenciar os recursos materiais segundo o grado de dificultade, utilizando en cada caso aqueles que resposten mellor ás necesidades concretas de cada alumno.
- Agrupamentos flexibles e ritmos distintos. Na medida en que se promova o traballo en equipo, farase máis doado a interacción entre os alumnos. Ademais, ao subdividir o grupo de alumnos en grupos homoxéneos, resultará máis sinxelo axudar a axuda pedagóxica ás súas necesidades específicas.

4.12. Concreción dos elementos transversais.

1. Educación cívica. As competencias sociais e cívicas son na práctica competencias do Departamento Economía, a materia contribúe nun 20% á adquisición da competencia social e cívica, a formación de cidadáns responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas (impostos, medioambiente, organizacións económicas, desenvolvemento sostenible, etc).
2. Comprensión de lectura, a expresión oral e escrita son elementos presentes en todos os cursos (traballo escrito, exposicións, uso da prensa...).
3. Traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. de xeito habitual traballamos a busca e selección de información a través de Internet para cumprimentar información, busca de datos, realización de traballos, etc. Os alumnos deben ser capaces de realizar a búsqueda de información a través das novas tecnoloxías para transformarl as en coñecemento.
4. Animar ao emprendemento é un elemento transversal especialmente significativo
5. O desenvolvemento sustentable e o medio son elementos que están presentes na materia de economía (enerxías alternativas...).

4.13. Actividade complementarias e extraescolares.

O departamento non ten previsto, por agora, ningunha actividade

4.14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA CURSO 2018-2019

O departamento de Economía estableceu unha serie de pautas para a avaliación e seguimento da súa programación:

